



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

REUNIÓN

DIRECCION-COMITÉ 12-01-11

Nesta reunión tratáronse os temas seguintes:

ERE.- A Dirección presenta novidades a respecto do primeiro prantexamento sobre o posible Expediente de Regulación de Emprego Temporal, que se concreta fundamentalmente en:

Baixar a cadencia.- Para a Liña afectada da M.2 procederan a baixar a cadencia de 45 veh./h. a 36 unidades, dende finais do mes de febreiro, o que segundo os seus números para este ano, se reducirían as necesidades a 11 os días de paro, se ben a Dirección solicitaría da Administración 20 días, os mesmos que para o 2012.

Bolsa de Horas.- Segundo a Dirección 429 serían as persoas afectadas, un 8% da plantilla actual no Taller, que son as que teñen neste Sistema II, un déficit superior os 19 días na Bolsa de Horas.

Contratos a Tempo Parcial.- As persoas afectadas que teñan un contrato inferior o de tempo completo de 8 horas, estudan a posibilidade de que as horas que excedan do seu contrato se incorporen a bolsa de Horas para amortizar o saldo negativo.

Calendario Laboral.- Para este escenario, a Dirección presenta un borrador de Calendario Laboral 2011 onde o período de descanso do verano sería de 4 semanas continuadas no mes de Agosto, das cales 3 son de vacacións, e a 4ª estaría formada por 3 días de Excedente de xornada e os outros 2 serían os que nos corresponden por Convenio para poder disfrutar individualmente.

C.I.G.- Pola nosa parte, unha reflexión:

Dende o ano 2008, que é cando estalla a crise especulativa-financieira, Dirección Sindicatos e Administración coas discrepancias razoadas, fomos capaces de evitar a aplicación dun ERE temporal, incluso foi posto en valor esta xestión ante a Sociedade por ser a única Planta do Sector que había podido sortear dita medida.

Agora, con este novo plantexamento para o 2011-2012, ¿poderemos xustificar que habendo feito o máis difícil teñamos que mandar o paro a 400 traballadores/as, namentres a maior parte da plantilla realiza sábados extras e domingos noite?.

Ante esta situación reiteramos a nosa petición de pasar B.9 pola M.2, de non facelo, teríamos que admitir que a reforma que se realizou no ano 2007 e sobre todo o emprego de 6 días de bolsa que tiveron dar os traballadores desta zona non tiveron sentido.

Dito isto, e sobre o prantexamento da Dirección fixemos as seguintes preguntas

¿habrá calendario para a Quenda de noite?


¿de levarse a cabo a ERE Temporal, como sería a retribución dos afectados/as?

¿estaría previsto un tratamento particular para os traballadores/as de avanzada idade?

¿contemplarían o intercambio de persoal entre Liñas?.

No que respecta o Calendario Laboral non vemos razón para non contemplar o disfrute dos días individuais, cando menos, para os traballadores/as que traballan para o Sistema I.

Haberá novas reunións para seguir tratando este tema.



VARIOS.-

Neste apartado foron presentados os temas acordados no Comité:

- a) Vacaions en situación de I.T., Como todos sabedes, varias foron as sentencias que gañamos para que apesares de vencer o ano natural en caso de estar de IT, conservar o dereito o disfrute das vacacións, algo que sucede sobre todo nos días que temos no mes de Decembro. A Dirección que hai empresas que teñen presentado recursos ante a Audiencia Nacional, porque din que hai controversia entre a Lei Europea e o Marco Xurídico do Estado. E dicir que na mentres tanto non acceden a petición.
- b) Despido por absentismo.- Tema este onde o Comité fixo causa común por pedir a súa readmisión, por entender que foi utilizado como factor medo, para a campaña de sensibilización sobre o absentismo. A Dirección non reconsidera a decisión.

Formación.- A C.I.G. entregou o texto que razoa a postura sobre tema.

“Do balance que facemos do exercicio finalizado, debemos recoñecer no haber, unha mellora administrativa que nos permite unha maior comprensión da información.

Queda por mellorar os criterios tanto de selección como da propia finalidade que se persegue, xa que nos consta, que da mesma forma que hai traballadores/as que non reciben formación para elevar a súa cualificación, outros/as asisten a cursos que están superados na vida diaria, ou incluso se repiten.

Pero a posición da C.I.G. nesta materia para o 2010, estivo motivada fundamentalmente pola problemática dos profesionais desprazados das súas funcións. Unha vez que a Dirección amosou, na última reunión co Comité, un seguimento particular para con este colectivo no sentido de favorecer a súa formación nas novas técnicas, co fin de recuperar o exercicio da súa profesión, a C.I.G. da o seu voto positivo a este Plano de Formación 2011.”

*por si alguén o esqueceu, os inxustos criterios utilizados para o desprazamento dos profesionais foron consecuencia da sinatura do Convenio Colectivo 2008 - 2011.

Xubilación Parcial.- Se ben sempre pedimos que os Xubilados Parciais non descontaran, cando menos, neste caso solicitamos da Dirección que os traballadores/as que xa puideron acollerse a Xubilación no 2009 e 2010 se lles condone o desconto do 25%. A Dirección “toma nota”.

Confederación Intersindical Galega